

Ponteareas, 12 de setembro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, dona MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA, con DNI 36082682Y, alcaldesa do Concello de Ponteareas.

Doutra parte, dona Noelia Lorenzo Extremadouro, con DNI 15494013V, en calidade de presidenta da BANDA DE MÚSICA “UNIÓN DE GULÁNS” (en diante, “BMUG”), con CIF G36104768, e domicilio no barrio do Casal, 31 - Guláns, 36861 Ponteareas, actuando en nome e representación legal desta.

Recoñécense mutuamente capacidade legal para a representatividade das devanditas institucións e asinan o presente convenio, para o que

MANIFESTAN

1. Que a BANDA DE MÚSICA “UNIÓN DE GULÁNS”, conta cunha Escola de Música, que consta inscrita co código 36001562 no Rexistro de Centros Docentes non Universitarios da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, que desenvolve as actividades relacionadas cos seus fins fundacionais, nomeadamente fomentar e instruír a ensinanza musical entre a poboación.
2. Que o CONCELLO está interesado en que se manteña a actividade da Escola de Música por mor dos beneficios, principalmente educativos, sociais e culturais, que iso representa para a localidade, garantindo así a continuidade da actividade musical e formativa.
3. Que o CONCELLO está disposto a colaborar no financiamento dos gastos da Escola de Música da “BMUG”. E que, en orde a colaborar activamente coa citada entidade no cumprimento dos fins que lle son propios, entende oportuna a subscrición do presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. O CONCELLO, en apoio do funcionamento da Escola de Música da BANDA DE MÚSICA “UNIÓN DE GULÁNS”, contribuirá ao seu mantemento durante o ano 2022 cunha achega de 8.000,00 euros para axudar a cubrir os gastos esenciais e de funcionamento da citada Escola de Música.

En virtude do presente convenio, o CONCELLO DE PONTEAREAS e a “BMUG” poden acordar, cunha antelación mínima dun mes á data de realización e sempre que as condicións socio-sanitarias sexan as adecuadas para realizar a actividade, executar tres concertos do alumando da súa Escola de Música, baixo a denominación de Banda Xuvenil da Escola de Música “Unión de Guláns”. Estes concertos poderán desenvolverse dentro da programación musical e cultural do Concello para que as/os alumnas/os poidan mostrar os avances na súa formación musical e ter a oportunidade de sentir o apoio do público e perder o medo escénico. Ao tempo que se fomenta a cultura local en actividades nas que se poderían traer agrupacións foráneas.

SEGUNDA. En calidade do seu representante, o CONCELLO designará un interlocutor para o seguimento da execución do presente convenio.

TERCEIRA. O pago da achega económica que o Concello compromete a través do presente convenio aboarase no número de conta da Asociación logo da presentación por parte da “BMUG” dunha memoria económica xustificativa dos gastos devindicados na execución do obxecto do presente convenio: nóminas de profesorado, facturas, boletíns de cotización á Seguridade Social e documentos de retencións do imposto da renda das persoas físicas, acompañados dos correspondentes xustificantes de gasto do presente ano 2022, así como a declaración doutras axudas para a mesma finalidade.

A data límite para presentar a conta xustificativa é o 14/10/2022. Tras a súa comprobación, o Concello de Pontearreas ingresará na conta indicada, sempre e cando a xustificación estea completa e correcta.

Así mesmo, o Concello incorporará, á memoria económica xustificativa da “UNIÓN DE GULÁNS”, un informe emitido polo responsábel municipal de seguimento do convenio, designado conforme á cláusula anterior, acreditativo do cumprimento do seu obxecto.

Esta subvención á BANDA DE MÚSICA “UNIÓN DE GULÁNS” será compatíbel con calquera outra subvención ou axuda para as mesmas finalidades procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A “BMUG” deberá acreditar se existen ou non axudas ou ingresos que financien a mesma actividade e, en caso de existir, acreditará a



insuficiencia destes para facer fronte á totalidade do orzamento da actividade.

CUARTA. A execución do presente convenio farase con cargo á aplicación orzamentaria 33000 / 4802001 do orzamento municipal para o presente ano 2022.

QUINTA. O CONCELLO resérvase o dereito a fiscalizar o cumprimento por parte da BANDA DE MÚSICA “UNIÓN DE GULÁNS” das obrigas que lle incumben en base ao presente convenio, así como a interpretar unilateralmente calquera dúbida que puidese xurdir verbo da súa literalidade.

SEXTA. Devolución e reintegro

1.- Procederase ao reintegro das cantidades percibidas, incluídos os intereses de demora desde a recepción do importe da subvención, nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención.
- b) Se o importe da subvención concedida en concorrencia con subvencións e outras axudas doutras Administracións Públicas, ou doutros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, superase o prezo das actividades para desenvolver polo beneficiario, procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo dá a actividade desenvolvida.

2- As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de Dereito público, sendo de aplicación para o seu cobro o disposto no artigo 10 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, e o artigo 17 de la Ley 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.

SÉTIMA.- A vixencia do presente convenio estenderase desde a data de súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022. En caso de que o beneficiario non aporte a xustificación completa de los gastos realizados, con toda a documentación antes enumerada, con data límite 14/10/2022, decaerá o dereito da percepción de los fondos concedidos.

OITAVA. Interpretación e xurisdición

Todas as cuestións que poidan aparecer a interpretación y execución do presente convenio, considerando a súa natureza xurídico - administrativa, serán sometidas ao orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

NOVENO.-Lexislación Aplicable.



En todo o non previsto neste Convenio, estarase a disposición da Lei xeral de subvencións, 38/2003 de 17 de novembro, e no regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS, en adiante) comunicáraselle a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, o Concello de Ponteareas publicará o texto íntegro do convenio no portal de transparencia.

Así mesmo, estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

O que asinan as comparecentes, por duplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados *ut supra*.

**Polo Concello de Ponteareas
“Unión de Guláns”**

Pola Banda de Música

María Cristina Fernández Davila
Extremadouro
Alcaldesa

Noelia Lorenzo
Presidenta da “BMUG”

